

RESOLUCIÓN reitoral do 14 de setembro de 2026 pola que se publica a relación definitiva de solicitudes concedidas e denegadas para a organización de obradoiros no primeiro cuadrimestre do curso 2026/2027 no campus de Pontevedra

De acordo coa base 10 da resolución reitoral do 19 de xuño de 2026 pola que se convocan as axudas para organizar os obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso académico 2026/2027 e á vista do acordo da Comisión avaliadora do Campus de Pontevedra de data 31 de xullo de 2026, esta Reitoría,

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar da relación definitiva de solicitudes concedidas e denegadas para a organización de obradoiros no primeiro cuadrimestre do curso 2026/2027 no campus de Pontevedra (Anexo).

Segundo.- Ordenar a publicación desta resolución no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>)

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A reitora

Por delegación R.R. do 2/07/2026 (DOG do 8 de xullo)

A vicerreitora do campus de Pontevedra

María de los Ángeles Fernández Villarino



ANEXO

Obradoiros 1C 26-27: Solicitudes concedidas definitivamente Campus Pontevedra

Solicitante	Obradoiro proposto	Importe total concedido
Covelo Pérez, Marcos Alberto	Iniciación Tufting Gun	1.500,00€
Gutiérrez Sánchez, Águeda	Escalada en rocódromo: iniciación, técnica e seguridade	1.500,00€
Melón Raña, Adrián	Identificación de cogomelos nivel I	1.500,00€
Zabala Maté, José Ángel	Taller de reparación de libros	900,00€
Barreiro Rodríguez-Moldes, María Covadonga	Iniciación á cerámica	1.500,00€

Obradoiros 1C 26-27: Solicitudes denegadas definitivamente Campus Pontevedra

NON HAI

